

Normas do Orzamento Participativo Transfronteirizo

Amizade Cerveira – Tomiño 2018

PREÁMBULO

O Orzamento Participativo Transfronteirizo 2018 (OPT_18) integra o proxecto COOP-ACT - Axenda de Cooperación Transfronteiriza - Amizade Cerveira Tomiño, co-financiado polo programa Interreg V-A, que ten como principal obxectivo a procura dun desenvolvemento sustentable do territorio que repercuta positivamente na mellora da calidade de vida e da cohesión social da poboación e baseado no reparto e a optimización dos equipamentos e servizos públicos de utilización colectiva, dos recursos humanos e económicos nun programa de cooperación enfocado ao futuro.

O OPT_18 é un mecanismo orientado á promoción da igualdade de oportunidades e ao reforzo da participación pública dos ciudadáns transfronteirizos procurando solucións para problemas comúns.

Para que o desenvolvemento deste proceso sexa marcado pola transparencia e accesibilidade a todos e todas, foi creada unha Plataforma Online do OPT_18 (<http://participacerveiratomino.eu>), na cal atópase dispoñible toda a información dende o comezo ata a execución dos proxectos vencedores.

Artigo 1º

Ámbito Territorial

O Orzamento Participativo Transfronteirizo Amizade Cerveira Tomiño 2018 (OPT18) abrangue os concellos de Vila Nova de Cerveira e Tomiño

Artigo 2º

Obxectivos

1. Incluír aos ciudadáns na formulación de solucións comúns para a resolución de problemas;
2. Fomentar a igualdade de oportunidades entre todos e todas, dos dous países, como factor de mellora das condicións de vida e de cohesión social e económica, baseado en accións deseñadas, desenvolvidas e implementadas polos actores locais;
3. Promover a participación pública e a cidadanía transfronteiriza;

4. Profundizar e consolidar as relacións institucionais, o diálogo cos cidadáns e a sociedade civil organizada, con vista a unha maior calidade e aceptación das políticas públicas;
5. Adecuar as políticas públicas ás necesidades e expectativas das persoas, para mellorar a calidade de vida nos seus territorios;

Artigo 3º Modelo de Participación

1. O OPT18 baséase nun modelo de participación de carácter deliberativo, segundo o cal os participantes poden presentar propostas e decidir os proxectos que consideren prioritarios, ata ao límite orzamentario estipulado para o proceso.

Artigo 4º Compoñente Orzamentario

1. Ao OPT18 se lle atribúe unha contía máxima de 20.000,00€ para financiar os proxectos que os cidadáns elixan de acordo coas áreas prioritarias identificadas no artigo 18º.
2. A contía é dividida en partes iguais entre o Municipio de Vila Nova de Cerveira e o Concello de Tomiño.
3. A contía é dividida equitativamente polas tres áreas de intervención identificadas no artigo 17º, debendo seleccionar polo menos un proxecto por cada área;
4. Poderán ser proxectos con valores superiores ao referido no número anterior, dende que sexa garantida a selección de polo menos un proxecto por cada área de intervención.

Artigo 5º Fases do OPT

O Proceso Participativo ten varias fases, enumeradas e descritas nos seguintes artigos do presente capítulo:

- a) Divulgación;
- b) Presentación de Propostas;
- c) Análise Técnica;
- d) Período de Reclamacións ou Recurso;
- e) Votación;

f) Presentación dos Resultados.

**Artigo 6º
Calendarización**

	Xuño	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro
Divulgación	23/06					30/11	
Presentación de Propostas		15/07		30/09			
Análise Técnica					2 a 15/10		
Período de Reclamación/recurso					16 a 22/10		
Votación					23/10	30/11	
Presentación de resultados							4/12

**Artigo 7º
Divulgación**

1. A divulgación do OPT farase a través da Plataforma Online do OPT, do Portal Amizade Cerveira-Tomiño, das redes sociais e dos medios de comunicación locais;
2. Realización de Workshops para promover a creación de asociacións e apoio á presentación de propostas.

**Artigo 8º
Presentación de Propostas**

A presentación de propostas réxese polo artigo 16º, sendo despois validadas pola Comisión de Análise Técnica (CAT) e votadas polas persoas participantes rexistradas na plataforma.

**Artigo 9º
Análise Técnica**

A Comisión de Análise Técnica (CAT) é constituída polos elementos nomeados pola Comisión de Xestión Estratéxica (CGE).

- a. Aurora Viñes, rexedora da Câmara Municipal de Vila Nova de Cerveira;
- b. Cristina Martínez, concelleira do Concello de Tomiño;
- c. Elisabete P. de Santiago, técnica do Concello de Tomiño;
- d. Sónia Antunes, técnica do Municipio de Vila Nova de Cerveira.

Artigo 10º

Período de Reclamacións/Recurso

1. Despois da análise técnica, o Secretariado Técnico Amizade Cerveira-Tomiño fará pública a lista dos proxectos seleccionados e das propostas excluídas para que, no prazo de 5 días, as persoas interesadas poidan presentar os recursos que consideren oportunos.
2. A Reclamación/Recurso será analizada e, no prazo de 5 días, a CAT comprométese a publicar a decisión final.

Artigo 11º Publicación da Lista Final

A lista final de propostas aprobadas será fixada na Plataforma Online do OPT e na Páxina Web Amizade Cerveira-Tomiño.

Artigo 12º Votación

1. A votación das propostas finalistas será efectuada polos seguintes medios:
 - a) Plataforma Online do OPT.
 - b) Poden votar os cidadáns electores nos concellos de Vila Nova de Cerveira e Tomiño;
2. As propostas serán organizadas por área de intervención;
3. Cada persoa participante pode votar un proxecto por cada área de intervención;

Artigo 13º Presentación dos Resultados

As propostas más votadas serán presentadas publicamente na Plataforma Online do OPT e na Páxina Web Amizade Cerveira-Tomiño.

Artigo 14º Participación

1. O proceso de OPG Tomiño é aberto á participación de persoas singulares ou colectivas, públicas ou privadas con domicilio social ou fiscal en Vila Nova de Cerveira ou Tomiño.

Artigo 15º

Formas de Participación

As persoas interesadas poden participar:

- a) A través da asistencia aos workshops;
- b) A través da presentación de propostas vía internet na Plataforma Online do OPT;
- c) No momento da fase de recurso, relativa aos resultados presentados despois da fase de análise técnica;
- d) Na votación dos proxectos;
- e) Na avaliación do proceso do OPT facendo chegar ao Secretariado Técnico Amizade Cerveira-Tomiño as súas ideas e suxerencias;

Artigo 16º Presentación de Propostas

1. Poden presentar propostas os cidadáns que cumpran os requisitos dispostos no artigo 14º do presente Regulamento;
2. As propostas serán obligatoriamente presentadas conxuntamente por polo menos un cidadán/entidade de cada concello.
3. As propostas someteranse exclusivamente á utilización do formulario dispoñible na Plataforma Online do OPT;
4. As propostas poden ir acompañadas por un vídeo promocional cunha duración máxima de 3 minutos.

Artigo 17º Elixibilidade das Propostas

1. Serán consideradas elixibles as propostas que reúnan as seguintes condicións:
 - a) Respectan o marco de competencias e atribucións da Câmara Municipal de Vila Nova de Cerveira e do Concello de Tomiño;
 - b) Sexan o suficientemente específicas, concretas e delimitadas no territorio transfronteirizo de Vila Nova de Cerveira e Tomiño;
 - c) Constitúan unha inversión de interese transfronteirizo;
 - d) Non superen os 12 meses de execución;
 - e) Respecten a componente orzamentaria referida no artigo n.º 4;

Artigo 18º

Limites por Áreas de Intervención

1. As propostas deben ser clasificadas por áreas de intervención, concretamente:
 - a) Educación e Cultura;
 - b) Deportes e Ocio;
 - c) Territorio e Medio Ambiente;

Artigo 19º Coordinación

A coordinación do OPT_18 está a cargo da CGE, constituído polo Presidente da Câmara Municipal de Vila Nova de Cerveira e pola Alcaldesa de Tomiño.

Artigo 20º Casos Omisos

As omisións ou dúbidas xurdidas na interpretación das presentes normas de participación serán resoltas puntualmente no ámbito da CGE.